

Cinta Rey, nai de Víctor Casas, fotografada por Amalia Álvarez, no piñeiral da Caeira ondetiveron lugar os fusilamentos do 12 de novembro

a memoria das mulleres

As familias do 12 de novembro

CONCELLO DE PONTEVEDRA

a memoria das mulleres

Un día funesto

O 12 de novembro de 1936 é unha data funesta, un día negro na historia de Pontevedra.

Mais a pesar da dor que nos provoca, queremos exercer a memoria, en primeiro lugar, porque é un deber ético e político principal, que non debemos adiar nin postergar; en segundo, porque o esquecemento é a última derrota, a morte última para as vitimas da represión franquista; e terceiro, porque llo debemos ás familias das persoas asasinadas, que ademais de sofrer unha dor que durou décadas, e que aínda permanence no fondo dos corazóns, e permanecerá para sempre, non tiveron apenas dereito nin a chorar aos seus, a celebrar un funeral, a poñerlle flores na tumba no tempo das prohibicións, do silencio e do ódio.

Oitenta anos despois, o 12 de novembro é un día de lembranza, de memoria e de honra. Un día de xustiza. Unha data para celebrar as vidas honestas e xenerosas, os ideais limpos e solidarios, a entrega e a xenerosidade de persoas de ben. Para celebrar vidas que forman parte da historia, da mellor historia de Pontevedra.

Para pronunciar con emoción e orgullo os seus nomes cheos de luz, de exemplo e de dignidade

> *Os médicos AMANCIO CAAMAÑO CIMADEVILA, TELMO BERNÁRDEZ SANTOMÉ e LUIS POZA PASTRANA*
>
> *Os mestres PAULO NOVÁS SOUTO, GERMÁN ADRIO MAÑÁ e BENIGNO REY PAVÓN*
>
> *O editor RAMIRO PAZ CARVAJAL*
>
> *O avogado JOSÉ ADRIO BARREIRO*
>
> *O xornalista VICTOR CASAS REY*
>
> *E o capitán JUAN RICO GONZÁLEZ*

Coas súas vidas segadas pola barbarie fascista o 12 de novembro de 1936, tamén queremos lembrar a todas as mulleres e homes que foron asasinados por defenderen a República, a democracia, a liberdade e os dereitos de Galiza. Xentes humildes, traballadoras e traballadores, líderes agrarios, sindicalistas, obreiros que morreron impunemente nos cemiterios, nas cunetas e nas rías de Galiza.

E queremos tamén facer memoria das vítimas de todas as formas de represión: as persoas encarceradas, aldraxadas, rapadas, sometidas a vexacións e castigos, depuradas, e que foron obxecto de sancións económicas, e de persecución social, ideolóxica e psicolóxica. A familias enteiras que padeceron durante décadas a dor, o silencio e o esquecemento.

O 12 de novembro é unha xornada para proclamar solemnemente que lles quitaron a vida con aleivosía, mais tamén para confirmar que nunca poderán acabar coa súa obra, a creación máis fermosa do ser humano: o compromiso cos demais, a xenerosidade, as arelas de liberdade e de progreso, a paixón da liberdade, a defensa dunha Galiza próspera e dona dos seus destinos.

O 12 de novembro é unha data para deixar testemuño da inmensa gratitude que sentimos cara a eles, os homes e mulleres que soñaron, que loitaron e que deron a vida por unha sociedade máis igualitaria, libre e democrática.

Para que a luz da súa memoria permaneza para sempre, para que a intolerancia e a barbarie fiquen para sempre atrás, e para que o seu exemplo nos axude a construír un futuro de xustiza e dignidade colectiva.

Miguel Anxo Fernández Lores

As familias do 12 de Novembro

Texto: **Montse Fajardo**

O 12 de novembro, no quilómetro 1 da estrada de Campañó, o fascismo asasinou a dez significados republicanos, de distintas ideoloxías, idades e profesións pero que tiñan en común ter defendido o lexítimo goberno da II República naqueles aciagos tres días de xullo que cambiaron para sempre a historia de Pontevedra e do Estado enteiro. Aquelas balas mataron a dez homes pero truncaron a vida de moitas mulleres das súas familias, cubrindo para sempre o novembro de Pontevedra dunha néboa espesa de incredulidade e perda.

> *"Desde entón, cada 12 de novembro amence o mesmo día gris, de chuvia miúda, coa atmosfera baixa. Todos os anos fai o mesmo tempo, e para min sempre é igual de triste, novembro"*
>
> ***Fina, orfa de Ramiro Paz***

Os tiros na Caeira deixaron dez mortos, sete viúvas e trinta e tres criaturas orfas, dúas delas aínda no ventre das súas nais. Lola Lois estaba embarazada de Ramiro, o noveno fillo de Ramiro Paz. Aurora Poza de José Luís, o segundo de José Adrio. As dúas viaxaron a Burgos para pedir clemencia. Con elas ían Matilde Caamaño, muller de Amancio Caamaño, e Consuelo Pastrana, que ademais do seu xenro, José Adrio, tiña sentenciado a morte o seu fillo Luís Poza. Dixéronlles que fosen tranquilas, que estaban indultados pero cando chegaron a Pontevedra xa eran viúvas. Tamén Isabel Gómez, a muller de Telmo Bernárdez, viaxou ao cuartel xeral de Franco a pedir clemencia, mentres a súa filla Bela percorría as casas da xente de dereitas de Redondela para que asinasen a petición de indulto, e o irmán de Isabel, cura de Petelos, púñase de xeonllos ante o asasino Lis Quibén, xefe da garda cívica da capital, para pregarlle que salvase a vida de Telmo, médico coma el. Pero nada serviu. Os dez foron condenados a morte e a pagar de xeito solidario unha indemnización de un millón de pesetas, unha fortuna naqueles tempos. O xuízo celebrouse o 30 de outubro, cando levaban xa semanas presos.

O tempo do cárcere

As detencións non foron simultáneas. Algunhas producíronse inmediatamente, como a do capitán Juan Rico, levado ao cuartel da Garda Civil ao día seguinte da toma do concello, e outras demoráronse mesmo ata setembro, que foi cando detiveron a Telmo Bernárdez, que xa tiña arrestados aos seus fillos Telmo e Jesús, acompañantes seus no Goberno Civil naqueles tres días de loita pola democracia.

No cuartel de Pontevedra, o capitán Juan Rico recibiu un trato denigrante sobre todo por parte do infame comandante Joaquín Velarde. A súa filla Blanca, xa falecida, cóntao así no libro *Inmolados Gallegos*, de Luís Lamela:

> *"(O trato de Velarde foi) fatal, fatal, fatal… Se o ía ver o sacerdote á habitación na que está retido, aquela camarilla botábao a empurróns materiais. Logo quitábanlle a cama e tiña que durmir sen ela. En fin, que lle fixo de todas, de todas…"*
>
> ***Blanca, orfa de Juan Rico, en Inmolados Gallegos***

Foron semanas de sufrimento para os presos e tamén para as súas familias e achegados. Nesa mesma publicación, Blanca Rico explica que o capitán Velarde impediu en varias ocasións á súa nai, Blanca Rodríguez Sáez, visitar o home, e que

Juan Rico González e a súa muller, Blanca Rodríguez Sáenz

A nai de Jose Adrio, María Barreiro, con el no colo

os gardas civís rapáronlle o pelo á muller que traballaba para a familia cando nunha ocasión acudiu ao cuartel a levarlle novelas.

Nas familias, afanadas durante esas semanas en conseguir o indulto, existía o temor de que os detidos fosen paseados antes de que lograsen salvalos do paredón:

> *"A papá levárono a Caldas e á Cañiza, querían darlle o paseo pero sempre que o trasladaban ía con el no coche un falanxista de Pontevedra que coñecía a Tino, e cando lle preguntaban se ía Adrio no coche, el dicía que non porque se non paseábano".*
>
> ***Aurora, orfa de José Adrio***

Ao doutor Telmo Bernárdez chegaron a facerlle un simulacro de paseo, que se conta no libro *O que fixeron en Galicia*:

> *"Unha noite, o 3 de setembro exactamente, sacárono da súa cela varios gardas de asalto, dicíndolle que o ían matar para "abreviar". O doutor Bernárdez en mans daqueles homes percorreu aquela noite un terríbel "vía crucis". Levárono a varios lugares das aforas dicíndolle sempre que era para acabar con el dun balazo, mesmo o levaron diante da porta da súa casa e ameazárono con matalo alí mesmo".*

Tamén Amancio Caamaño estivo detido no Lazareto e na Normal de Pontevedra, onde Matilde levaba cada día os tres fillos para ver o seu pai desde unha pequena ventá. Esas celas foron o escenario dos derradeiros encontros dos homes do 12 coas súas familias:

> *"A última vez que vin o meu pai foi na súa cama, na esquina daquela cela gris do cárcere. Era un sitio horríbel, cun cheiro terríbel a verdura cocida".*
>
> ***Fina, orfa de Ramiro Paz***

A madrugada do 12 de novembro

Fina Paz escoitou a descarga que, na madrugada do 12 de novembro, a deixaba orfa de vez, tras a morte da súa nai cando só tiña dous anos. No 36, tiña nove:

> *"Eu sentín a descarga. Ás sete da mañá escóitase o mínimo ruído. Esa madrugada tiñamos todo aberto (...)Recórdoa perfectamente. E logo os gritos e os choros".*
>
> ***Fina, orfa de Ramiro Paz***

Os dez condenados entraron en capela na Normal ás 4 da mañá. Celebrouse unha misa á que asistiron Amancio Caamaño, Telmo Bernárdez, Juan Rico e Germán Adrio. Logo trasladáronos á Caeira e ás sete e cuarto da mañá foron asasinados. Pola súa condición militar, a Rico fusilárono só, de primeiro. Antes degradárono, despoxándoo das súas insignias e condecoracións así como do sable. Os golpistas que se rebelaran contra o goberno lexítimo parido polas urnas, fixeron ademán de romperllo e tirarllo ao chan, mentres proclamaban: "La ley le degrada por haberse él degradado a si mismo". O capitán foi executado polos gardas de asalto que el mesmo dirixira.

Logo foi a quenda dos outros nove, fusilados por un pelotón composto de un oficial e 36 homes do rexemento de Artillería Lixeira número 15, a mesma na que estaba recluído Telmo, o fillo maior de Telmo Bernárdez. Despois foron trasladados nunha camioneta ao cemiterio municipal de San Amaro, deixando os seus corpos amontoados, un sobre o outro, ata que as familias se fixeron cargo deles. Luís Poza e José Adrio tiveron enterros civís.

Elena Pereira

Gemma e Elena Pereira, fillas da mestra de Redondela Ernestina Otero, tamén fondamente represaliada, acudiron ao cemiterio de Pontevedra e Elena amortallou os corpos sen vida de Paulo Novás e Telmo Bernárdez. Bernárdez levaba no peto interior da chaqueta unha estampa de Santa Gemma que acabou furada

polas balas. Aos seus vinte anos, o pelo de Elena quedara totalmente branco tras asistir aos xuízos celebrados naqueles días en Pontevedra.

Nas causas da defunción os certificados mentiron de morte, rexistrando hemorraxias internas onde debería dicir asasinato.

Nas familias estourou un horror que se ía prolongar e agrandar durante décadas.

Os oitos orfos de Ramiro Paz estaban sós na casa pois Lola Lois fora a Burgos pedir clemencia:

> *"Aquilo foi un desastre: todos os irmáns a gritos. Os pequenos non se darían tanta conta pero os que quedamos da primeira muller non sabiamos cal sería a nosa sorte...foi unha nenez moi triste".*
>
> ***Fina, orfa de Ramiro Paz***

Fillos maiores de Ramiro Paz

Esa última noite pasáraa a nai de José Adrio, María Barreiro, rezando. Levaba días pedíndolle a ese Deus no que o seu fillo non cría que lle demostrase que se equivocaba salvándolle a vida. Cando chegaron para dicirlle que o fusilarían ao chegar a alba, púxolle a rezar para que non amencese, e mesmo xa morto seguiu rezando para que o seu Deus lle salvase a alma ao fillo ateo.

Eles non imaxinaran que acabarían ante un pelotón de fusilamento e de feito, algúns tiveran oportunidade de fuxir e non o fixeron. Bibiano Fernández Osorio-Tafall, primeiro alcalde da II República en Pontevedra e no momento do golpe subsecretario de Gobernación, mandou a Víctor, o seu chofer, recoller o seu bo amigo Paulo Novás para pasalo a Portugal. O mestre negouse: *Por que vou marchar se non fixen nada malo?* Ese mesmo día, o 2 de agosto, levárono á Escola Normal de Pontevedra e tres meses despois foi fusilado.

Tamén Valeriano, o chofer do sanatorio de Amancio Caamaño ofreceulle ao seu xefe sacalo do país por Portugal. O seu plan era ir en coche ata a fronteira e logo metelo na auga e rematar o traxecto a nado, aproveitando que o doutor Caamaño era un gran nadador. Pero non quixo. Dixo que non fixera nada malo e negouse a marchar:

> *"El era un político moi moderado que se negou a armar o pobo. E pecou de inocente tamén porque dixo que non fixera nada malo e non tiña porqué fuxir… O chofer dicíalle que o sacaba pero el contestaba que non, que porqué ía ter que marchar se non fixera nada".*
>
> ***Begoña Caamaño, neta de Amancio Caamaño***

O mesmo pasou con Ramiro Paz. As monxas que traballaban con el no Hospital ofrecéronlle disfrazarse cun hábito dun monxe e fuxir, pero non quixo alegando que non fixera nada reprobábel. Cando xa estaba retido nas dependencias sanitarias, o seu gardián insistiulle que saíse pola fiestra, que non daría parte, pero foi en van. Quedou alí ata ser trasladado ao cárcere. E logo, cando soubo que o fusilamento era inevitábel, mandou ir un fotógrafo a aquela cela que a súa pequena de cinco anos tanto lle cheiraba a verdura cocida, e fixo un retrato para permanecer na memoria da Historia. E aínda que o silencio imposto imperou durante moitos anos, a súa descendencia militou sempre na memoria, como fora a vontade de Paz.

A presión sobre a familia, un pingar continuo

A morte, tan demoledora, apenas foi o principio do sufrimento das familias dos asasinados. En moitos casos, a represión directa afectou a varios dos seus membros: Celestino Poza Pastrana e o seu pai estiveron meses detidos e, cando xa acadaran a liberdade, seguían vixiados e mesmo en arresto domiciliario sempre que algún dirixente franquista visitaba Pontevedra:

> *"O avó saíu de San Simón en 1941. Ao principio, cando viña Franco a Galiza, collíano a el, a Tino e a outros rojos de Pontevedra e levábanos ao cárcere de Vigo. Iso era ao principio. Logo en vez de levalos, tíñanos presos a cada un no seu domicilio. Non podían moverse e a policía por alí, pola nosa rúa".*
>
> ***Aurora, orfa de José Adrio***

Fefa Rey en Montserrat

Tampouco a morte de Benigno Rey foi a última das penas que sufriu a súa familia. Os fascistas detiveron a súa nai, Sofía Pavón, viúva desde 1934 de Arturo Rey, -quen fora tenente alcalde en Pontevedra durante o mandato de Osorio-Tafall-, e tamén os seus irmáns Arturo e Xulio e as irmás Teresa, Lola, Fefa e Sofía. As

Familia Bernárdez Gómez

aldraxes sufridas no cuartel por Lola afectárona para sempre e mantivérona ao borde da loucura. Non era raro vela levantar as saias amosando a roupa interior nos paseos que a cotío daba polas Palmeiras ou mentres tomaba un café no Carabela, pero sempre había alguén que mirase por ela e chamase á reloxaría que os Rey, unha familia moi coñecida e querida na vila, rexentaba nos Soportais, zona que na posguerra albergou negocios doutra xente represaliada como as Corseteiras, os Dios, ou Pastor Torres, empregado de "La moda ideal", que estivo primeiro fuxido e logo preso durante meses.

Telmo, o maior dos irmáns Bernárdez Gómez, que en xullo intentou impedir a incorporación dos quintos ás filas fascistas, foi detido o 15 de setembro no cuartel de San Fernando e tras o xuízo celebrado en xaneiro de 1937, condenado a cadea perpetua e a unha multa de 25.000 pesetas. A pesar da dureza da sentenza, non puido ocultar a súa alegría porque temía ser fusilado como o seu pai, xa que esa fora a petición do fiscal. En maio de 1938 participou na famosa fuga dos presos do castelo de San Cristóbal, pero desarmado e morto de frío, regresou e permaneceu no durísimo penal navarro ata que se lle concedeu o indulto. O seu irmán Jesús, tras pasar un breve período de tempo en San Simón, fuxiu a Porto e de aí viaxou a Burdeos, París e Nantes para entrar en Cataluña e loitar co bando republicano. Tras a derrota, pasou polos campos de concentración franceses ata que logrou exiliarse a México. Ambos militaban nas Xuventudes Socialistas.

A Bela, outra das fillas do doutor redondelán, impedíuselle seguir exercendo como mestra. Tanto ela como os seus dous irmáns, tamén mestres, foron depurados, o mesmo que a filla de Germán Adrio, Nieves. Tras o golpe de Estado, Nieves Adrio viuse obrigada a agocharse na casa duns familiares de Vilagarcía para evitar a detención, a rapa e quen sabe se o paseo. Tamén intentaron rapar a Bela Bernárdez pero evitouno agochándose en Mos.

Outra familia na que non cesou o horror tras o 12 de novembro foi a dos Caamaño. A morte de Amancio, tan demoledora, apenas foi unha pinga no mar do terror. Os irmáns de Matilde, Alfredo e Manolo, tamén foron perseguidos e acabaron no exilio. Durante meses buscaron agocho en nichos do camposanto ou en dobres fondos de armarios da casa familiar de Negreira, á que un día si e outro tamén acudían os cívicos ou a Garda Civil para sementar o terror tamén na mente de Choncha, a irmá gardiá, a que os tiña agochados. Un día mesmo entraron na finca coa cabalería, esgazando todo o que atopaban ao paso. Cravaban as baionetas e golpeaban cos fusís o teito e o chan da casa buscando falsos tobos, facendo tremer a Choncha, que sabía que de atopalos acabarían todos fusilados: os seus irmáns e tamén ela. Tremeu tanto que nunca máis recuperou a calma. O 36 mudouno todo e o terror quedou para sempre prendido na pel como unha tatuaxe.

Choncha, á esquerda, ao seu lado Manuel e á dereita da foto Matilde

Ademais de a familiares, prenderon a moitos dos traballadores do sanatorio do doutor Caamaño, entre eles ao practicante, Manuel Gamallo, que no cárcere coñeceu a Nieves, a filla do mestre Germán Adrio, nunha das visitas que lle fixo ao seu pai. Casaron cando Manuel quedou libre, tras

Familia Adrio Sobrido

pasar por San Simón e San Cristóbal.

Ademais, moitos dos bens das familias foron incautados para facer fronte á escandalosa multa imposta na sentenza.

O sanatorio de Celestino Poza era un dos mellores de toda Galicia con adiantos técnicos nada usuais na época como a radioterapia. Adiantos que os falanxistas deixaron logo perderse, por non saber usalos. Estaba en Andrés Muruais, unha rúa na que os Poza eran propietarios de tres ou catro vivendas que tamén foron requisadas polo novo estado franquista:

> *"Requisaron todo. Tamén os edificios, aos que eles lles puñan o aluguer. A propiedade era da familia pero non podías facer nada. O aluguer marcábano eles e aínda que ao final, nos daban os cartos, eran catro duros"*
>
> ***José Luís, fillo póstumo de José Adrio***

O sanatorio de Amancio Caamaño non correu mellor sorte. Foi incautado o edificio enteiro, que tamén acollía a vivenda, pero como era unha familia moi querida en Pontevedra, un contacto avisou a Matilde, e coa axuda do bo amigo do seu home, o tamén médico Eladio Padín, puido sacar os obxectos de máis valor e algúns móbeis que, poñendo en perigo a súa propia integridade, o doutor Padín resgardou no seu pazo de Cambados.

O hospital incautado acolleu a sede de *Sanidad* antes de que, xa a mediados dos anos cincuenta, a familia puidera recuperalo, aínda que só en parte pois o estado franquista expropioulle un bo anaco do xardín por catro pesos. O hospital recuperado foi alugado e alí estivo o colexio da Inmaculada. Hoxe en día non existe o edificio, que estaba situado xusto fronte ao *Galicia Palace*.

Á familia de Telmo Bernárdez tamén lle incautaron as súas propiedades. A súa viúva, Isabel Gómez Costas, trasladou unha petición ao xulgado para retirar delas os móbeis, máis nin iso lle deixaron conservar. Contestáronlle que só podía sacar do que fora o seu fogar, roupa, unha cama e a roupa da cama.

As novas autoridades quedaron tamén coa imprenta que Ramiro Paz tiña na rúa Charino e co seu quiosco da Alameda.

Mais nin o fusilamento nin as incautacións apagaron a chama do fascismo, que seguiu arroxando o seu odio sobre as familias con rexistros continuos ás vivendas e o sometemento a viúvas, nais, irmás e orfos a continuas humillacións.

> *"Tiñamos rexistros cada dous por tres, a cada momento, aínda que fosen as tres da mañá. Ata levantaban a tapa do contador por se había algo alí escondido. Tiñamos unha radio Zenit e agochárona uns veciños que tiñamos, que eran mariñeiros. Tivérona metida nas redes ata que rematou a guerra e puidemos sacala".*
>
> ***Fina, orfa de Ramiro Paz***

Isabel co seu irmán Pedro e Telmo

Hai unha actuación dos fascistas que Fina lembra especialmente. Unha noite, cando Dolores Lois aínda estaba en Burgos, presentáronse unha chea de militares cargados con fusís e desde a vivenda de enfronte, a do Comandante Lorente, comezaron a disparar contra a casa cunha metralladora colocada no ático. Os disparos, que mesmo afectaron á casa dos veciños, foron continuados enchendo de terror aos nenos:

> *"Metémonos nun oco onde estaba o armario e levantamos todo, colchóns, somiers... para protexernos por se viña unha bala. Os militares fixéronos abrir a porta de abaixo, a que daba o peirao, e saíron cara a de adiante dicindo: ¡¡¡Alto el fuego que aquí solo hay niños!!! Fóra o veciño, Lorente, que era*

militar, o que ordenou o asalto. Deixaron ocos enormes na parte de diante da casa".

Fina, orfa de Ramiro Paz

Co medo, a Elva, a maior das fillas de Ramiro e Lola, que tiña cinco aniños, enchéuselle o corpo de manchas. Aurora Poza tamén lle contaba sempre aos fillos que cada vez que había manifestacións e os nacionais tomaban unha cidade, petaban na súa porta, ao berro de *Que salgan los rojos*. E eles teñen a sensación de que estiveron sinalados durante décadas:

"Estabamos apestados...había medo de falar con rojos, igual por temor a ir preso(...) Cando os mataron a eles, que eran tan coñecidos, debeu ser terríbel. O terror da xente debeu ser total. Pensarían: se mataron a estes, calquera que se mova...debía ser puro terror(...) Eu aprobei o ingreso ao bacharelato grazas a recomendacións porque había un tribunal e o de relixión, que era o párroco de San Bartolomé, non me aprobaba porque como era dunha familia de rojos... Tiveron que falar os meus tíos con coñecidos para conseguir que me aprobasen o ingreso".

José Luís, fillo póstumo de José Adrio

A xenreira duroulles tanto que anos despois do fusilamento, cando a familia de Telmo Bernárdez xa marchara para o exilio, mulleres de Redondela iniciaron un petitorio para mercar unha lápida que colocar no panteón do médico tras o traslado dos seus restos desde Pontevedra, e cando conseguiron os cartos, a Garda Civil quitoullos. Finalmente, a placa foi custeada por amigos da familia do médico asasinado.

A única familia que asegura non ter sufrido represión tras o 12 de novembro é a de Paulo Novás, pero o seu sobriño cre que foi grazas ao casamento da irmá do mestre cun comandante do exército franquista:

"Grazas ao tío, o home da irmá de Paulo, de Peregrina, a nosa familia non sufriu persecución despois do fusilamento. Ou polo menos non se contou, porque tampouco era un tema do que se falase moito, era tabú".

José Gómez Novás, sobriño de Paulo

Seguir adiante tras o paredón, as incautacións e a depuración laboral

As multas, as incautacións e as depuracións laborais puxeron en apuros ás viúvas do 12 de novembro que tiveron que sacar adiante as súas familias sen o respaldo que supuña o salario do home.

Algunhas como Carmen Julián López, a muller de Víctor Casas, nunca traballaran fóra do fogar. Tras enviuvar, Carmiña, como lle chamaba cariñosamente o seu home, empregouse de caixeira na sucursal madrileña da peixaría "Coruñesa".

Victor Casas e Carmiña Julián

Terminada a guerra, decidira marchar a Madrid, onde vivía o seu pai e as súas irmás, asustada polo trato que en Pontevedra estaba recibindo Josefina Arruti, a esposa do subsecretario de gobernación Bibiano Fernández Osorio-Tafall, responsábel de moitas das decisións tomadas aqueles tres días de xullo no Goberno Civil, e que con toda probabilidade tamén sería asasinado se o golpe o collese en Galiza. Pero Bibiano estaba en Madrid, e as represalias centráronse na súa muller, Josefina Arruti Viaño, que estivo 18 meses na prisión da actual Audiencia e outros dous anos nun arresto domiciliario, que os oito primeiros meses tamén afectou aos seus tres fillos de curta idade.

Carmen Julián tiña dúas criaturas cando quedou viúva: Victoria, que ía cumprir cinco anos, e Víctor, que só tiña nove meses. Chegara a parir cinco pero os outros tres morréronlle de pequenos.

Tamén deixaron os seus fogares as viúvas de Telmo Bernárdez, Amancio Caamaño e Juan Rico.

Blanca Rodríguez Sáez, a viúva do capitán Rico, viviu primeiro en Portugal e despois en Compostela:

"Como tiñan amigos socialistas en Portugal, marchou para alá, porque as súas irmás lle mandaban cartos desde México e era máis fácil que chegasen alá. Viviu en Porto e despois marchou para Santiago para que Juan estudase Medicina"

Rosario Quintanilla, neta de Juan Rico

Blanca e o capitán Juan Rico tiñan tres fillos: Blanca, que no 36 tiña 15 anos, Juan, que tiña 14 e Alfonso que cumpriu 5 ao día seguinte de matarlle ao pai. Os dous fillos varóns exiliáronse a México en barco, vía Portugal, e co tempo a súa nai foi vivir con eles e alí morreu.

Isabel Gómez coa familia no exilio no Porto

Tamén morreu en México a viúva de Telmo Bernárdez, Isabel Gómez Costas. Tras o asasinato do seu home e o apresamento dos seus fillos Telmo e Jesús, Isabel deixou o fogar de Redondela e iniciou a viaxe ao exilio, que durante dous anos a levaría a Porto, París e Nova York antes de chegar a México a finais de 1939. Alí reuniríase co seu fillo Jesús, tras o paso deste polo exército republicano e os campos de concentración franceses. Nunca volveu a Galiza.

Pola súa parte, Matilde Caamaño deixou atrás Pontevedra e marchou a Santiago, a unha casa de aluguer onde habilitou unha pensión que, xunto á venda do que puido rescatar no espolio, permitiulle sacar a fame dos tres fillos tras a morte de Amancio. Nunca refixo a súa vida, e a pesar de que sobreviviu case medio século ao seu home, nunca quitou o loito:

Matilde Caamaño

"Sempre vestiu de loito: roupa negra ou como moito de alivio, pero vestida de claro, nunca. Levaba o pelo branco suxeito nun moño e parecía maior do que era mais en Santiago chamábanlle a señora guapa".

Begoña Caamaño, neta de Amancio Caamaño

As viúvas de José Adrio, Ramiro Paz e Germán Adrio quedaron na cidade, convivindo diariamente cos asasinos e soportando as súas humillacións. Aurora saíu adiante grazas ao patrimonio que non lle incautaran ao seu pai, Celestino Poza, mentres que Lola Lois e Rita Sobrido, a viúva do mestre Germán Adrio, traballaron dentro e fóra da casa.

Rita Sobrido cos fillos de Germán Adrio

Rita, que casara con Germán cando este enviuvou da súa propia irmá, Nieves Sobrido, tivo a axuda das fillas maiores do matrimonio. Cando Nieves, perseguida e destituída do seu posto de mestra, puido abandonar o agocho vilagarcián, volveu a Pontevedra e púxose a dar clases particulares na casa familiar, onde todo mudara. O palco de teatro e o coche de cabalos que tivera de nena foron substituídas polas colas coa cartilla de racionamento.

Maruja, Solita e Nieves Adrio

Outra das orfas de Germán, Maruja, axudou no taller e renunciou á súa propia vida, a casar e ao seu posto de mestra, por coidar á máis pequena dos cinco irmáns, Solita, que nacera cunha parálise e estaba condenada a unha cadeira de rodas. Co tempo, Maruja converteuse en profesora de bordado na mesma Escola Normal que servira de cárcere aos asasinos do seu pai.

Lola Lois, a viúva de Ramiro Paz, seguiu explotando a gasolineira que, por ser de aluguer, non lle incautaran ao seu home, e ademais vendeu teas nas feiras e coseu para sacar adiante a familia:

"A miña nai tivo que coser roupa para unha casa que había aquí que se chamaba daquela La casa de los calzoncillos, e estaba onde estaba a Falanxe, na casa dos Corbal. Cosía moitas veces polas noites para poder saír adiante e un pouco máis tarde foi vender teas á Estrada –lembro ir unha vez con ela- e ao Mosteiro. Despois tamén traballou no surtidor de gasolina".

Ramiro, fillo póstumo de Ramiro Paz

Solidariedade e unión entre as víctimas

A barbarie do 12 de novembro forxou lazos inquebrantábeis entre as familias dos dez fusilados e tamén con outras afectadas pola represión, como a de Alexandre Bóveda -cuxa viúva mantivo toda a vida unha fonda amizade con Cinta Rey, nai de Víctor Casas- ou a de Josefina Arruti, quen tivo un importante xesto solidario con tres dos fusilados: Benigno Rey, Paulo Novás e Víctor Casas, permitindo o enterro dos seus restos no panteón familiar. As relacións eran múltiples: Os Poza cos Paz, e ambos cos Adrio, (lembrando Fina con especial cariño as horas que ela e a súa irmá Pura pasaron no taller de Rita), os Arruti cos Casas e os Caamaño, e mesmo os orfos de Juan Rico cos de Telmo Bernárdez no obrigado exilio de ambas familias en México.



Paulo Novás con Josefina Arruti

"Lembro que de neno, cando iamos de vacacións a Galiza pasabamos pola casa dos Arruti. Tanto Josefina como a súa filla foron sempre moi amábeis con nós, deixábanos as chaves e iamos ao panteón pórlle flores ao meu pai. Os seus restos estiveron alí, nun osario, nunha caixa de metal co seu nome ata que no 2000 fomos buscar as cinzas e enterrámolas en San Amaro nun nicho que agora si ten o nome do meu pai".

Víctor, orfo de Víctor Casas

Tamén Fina Paz lembra as visitas que con Lola Lois facía á casa dos Adrio Poza:

"Naquela casa si se falaba, cando quedabamos a soas con elas. Na de Germán Adrio non. Alí sempre había moita xente, igual podiamos facer un comentario se quedabamos en confianza ou se nos atopabamos na rúa pero era raro. Nieves non acostumaba a falar diso... andabas con moito medo. Nós, os represaliados, eramos moi poucos e eles, os falanxistas, eran moitos".

Fina, orfa de Ramiro Paz

Gardar a memoria con afouteza

O medo era grande e sen embargo, as familias do 12 de novembro foron capaces de atesourar a memoria e levar a cabo, no tempo do medo, accións de moita afouteza, acenos que agora poden parecer pequenos pero que daquela podían custarlle a liberdade ou mesmo a vida. Como o de Gonzalo Adrio, irmán de José, que cando foi chamado a filas tras o fusilamento do seu irmán, negouse a formar parte dun pelotón de fusilamento:

"Cando estaba facendo o servizo chamárono para formar parte dun pelotón de execución e el negouse, que negarse daquela...pero el non foi e non lle pasou nada".

José Luís, fillo póstumo de José Adrio

Foi tamén Gonzalo Adrio quen, xa en democracia, tramitou como avogado moitas pensións a viúvas de asasinados en Pontevedra, incluídas algunhas do 12 de novembro. Nunca quixo cobrar por esa xestión, só pedía como pago unha foto do asasinado.

E unha foto fíxolle Amalia Álvarez, viúva de Alexandre Bóveda, a Cinta Rey abrazada ao árbore da Caeira no que fora asasinado o seu fillo. Unha foto que pode sexa a única imaxe da zona das execucións que aínda se conserva. Tras converterse en lugar de lembranza e peregrinación, as autoridades cortaron as árbores e as execucións empezaron a realizarse en Monte Porreiro.

Cinta Rey na árbore na que lle fusilaron ao fillo, Victor Casas

Obrigadas a convivir cos asasinos dos seus seres queridos, as mulleres do 12 de novembro non quixeron dobregarse á impunidade imposta, e Consuelo Pastrana chamoulle asasino a quen pensaba era o indutor do asasinato do seu fillo Luís:

"Ía pola Peregrina coa avoa (...) e vexo que lle di a un home: asasino! E que el baixa a cabeza e marcha... era o médico que ela consideraba instigador da morte de Luís".

Aurora Adrio, sobriña de Luís Poza

A familia Poza sabe moito de acenos resistentes e sempre mantiveron a súa ideoloxía a pesar das durísimas circunstancias nas que se viron inmersos. Celestino Poza e o seu fillo Tino xunto con outros reclusos de San Simón, negáronse a confesar e a recibir comuñón co motivo da festividade do patrón, un aceno que puido custarlles caro.

Tampouco os Paz acataron a imposición do catolicismo do novo Estado:

"Cando nacín, no ano 37, non me bautizaron, como tampouco bautizaran aos meus irmáns

Familia Paz

máis novos (...) Non bautizarme a min foi un bofetón aos outros. Foi unha decisión da miña nai. Houbo familias que igual se dobregaron a esa esixencia dos vencedores pero na nosa casa non. Na miña casa a conduta seguía sendo de republicanos e socialistas, e entón iso da relixión, non (...). Na miña casa nunca houbo misas nin gaitas. Mentres viviu, a miña nai non pisou unha igrexa".

Ramiro, fillo póstumo de Ramiro Paz

Matilde Caamaño tampouco volveu pisar a igrexa de San Francisco despois de que o padre Luís se negase a interceder pola vida do seu home. Nin ela nin os seus tres fillos.

E Isidro Paz, fillo de Ramiro, loitou sen éxito ata a súa morte para que no certificado de defunción do seu pai non aparecese a mentira da hemorraxia interna:

"El loitou moito para que aparecese como fusilado (...) Eu penso que viviu toda a súa vida con esa amargura, toda a vida… marcouno para sempre. Non puido ser enteiramente feliz nunca por culpa diso. Nunca superou o fusilamento do seu pai".

Lita García, nora de Ramiro Paz

Era imposíbel esquecer o que pasara pero para moitas familias era un tema tabú. A señora Pepa Souto, a nai de Paulo Novás, nunca falaba diso, nin tampouco Carmen Julián, a viúva de Víctor Casas, mais cando os seus fillos foron algo maiores explicoullo todo. Sen embargo, Nieves Adrio, calou toda a vida. Os netos de Germán Adrio souberon que fora fusilado por Rita, a súa viúva, e ata o día que morreu o seu pai, Manuel Gamallo, non souberon que estivera preso. Escoitáronllo no velorio a un compañeiro do penal de San Cristóbal.

Matilde Caamaño e o seu fillo Amancio

Os fillos de Amancio e Matilde Caamaño eran maiores e non fixo falla contarlles nada, nin tampouco aos netos porque a memoria e a dor eran visíbeis:

"Lembro á avoa sempre chorando, e cando saía Franco na tele insultábao. Non o podías nin nomear. A carta de axuste remataba co himno e a foto de Franco e había que estar pendente e apagala para que non a vise porque se puña como unha moto, ela que era educadísima (...) Para ela, o seu home era o mellor marido do mundo, e para os fillos o mellor pai. Pasaran décadas e ela seguía chorando por el. Cando eu lle dicía: 'Pero avoa, como segue chorando?' Contestábame: 'Como non, se era o home máis bo do mundo e o mellor marido que puidera ter'... Iso dicía sempre. (...) Trinta anos despois a carraxe que ela seguía levando enriba era terríbel e nós sempre soubemos o porqué, sempre soubemos o que pasara".

Begoña Caamaño, neta de Amancio Caamaño

Parece imposíbel superar a dor. Amancio Caamaño Caamaño, o fillo do doutor, cruzou xa a barreira dos noventa e padece unha enfermidade que lle afecta á memoria mais en novembro do ano pasado a súa filla Begoña atopouno chorando e preguntoulle:

-Papá, que che pasa? Por qué choras?

-E como non vou chorar se foi en novembro que mataron ao meu pai…

Por moita memoria que perda, esa data non a esquece.

E máis aínda: Os fillos dos líderes daquela Pontevedra que puido ser e non foi, non esquecerán nunca o seu exemplar comportamento:

"Á nosa casa chegaban moitos regalos pero tiña prohibido que os collésemos. Unha vez apareceu unha señora de Muros cunha pescada e marisco. A avoa Consuelo negouse a coller aquel presente mais a señora dixo que o produto se estragaría porque até a noite non estaría de volta na casa. O meu pai tasou todo e deulle os cartos. Non concebía que a xente prescindise do pouco que tiña para darllo a quen no o precisaba. Iso, dicía, facíano os caciques".

Pura, orfa de Ramiro Paz, en Unha vida segada pola barbarie, de Aurora Marco.

Moitas das familias do 12 de novembro participan nos actos de homenaxe que cada ano organiza o Concello de Pontevedra. E mesmo niso herdaron a semente de solidariedade e xustiza dos seus:

"Cando tiven que intervir na homenaxe quixen lembrar non só aos do 12 de novembro senón a todas as vítimas, porque todos fomos vítimas. Os que mataron, os que sufriron e estiveron no cárcere durante anos...Hai que lembrar a todos porque todos sufrimos".

José Luís, fillo póstumo de JoséAdrio

Quen son os dez do 12 de Novembro

O feito que uniu os seus destinos aquel 12 de novembro foi a defensa do goberno lexítimo da II República, que os dez, dun ou outro xeito, fixeron entre o 18 e o 20 de xullo desde o Goberno Civil de Pontevedra. Unha defensa que xa lle custara a vida a Alexandre Bóveda, como organizador da resistencia, a Jacobo Zbarsky, como xefe das milicias, e ao propio Gobernador Civil, Gonzalo Acosta Pan.

José Adrio Barreiro

Avogado, foi asasinado con 26 anos. Dirixente de Unión Republicana fora gobernador civil de Ourense e presidente da Deputación de Pontevedra. Tras o golpe de Estado formou parte do "Comité de Defensa da República" que se formara no Goberno Civil. Estaba casado con Aurora Poza, tiña unha filla, Aurora, e a súa muller estaba embarazada do segundo, José Luís, que naceu cando o seu pai xa fora fusilado.

Germán Adrio Mañá

Mestre de 48 anos de idade nacido en Vilagarcía. Tras enviuvar da súa primeira muller, Nieves Sobrido, casara con Rita, irmá desta. Tiña cinco fillos do seu primeiro matrimonio: Nieves, Germán, Josefa, Maruja e Solita. Era socialista, e estaba afiliado á UXT. Gran deportista, ocupou a presidencia do Alfonso XIII, base do actual Pontevedra xunto co Eiriña. Foi propietario e director do colexio "X". Foi concelleiro en Pontevedra durante a ditadura de Primo de Rivera. Militante do Partido Socialista non ocupou ningún cargo durante a II República. Foi acusado de arengar ás masas desde o balcón do Concello para defender a II República naqueles aciagos días de xullo.

Telmo Bernárdez Santomé

Médico de Redondela. Tiña 51 anos e nove fillos do seu matrimonio con Isabel Gómez Costas. Houbo un décimo que morreu de pequeno. Era masón, colaborara en varias publicacións e tras o seu paso polo agrarismo, militou en Izquierda Republicana, da que foi xefe provincial. Estivo no Goberno Civil acompañado por dous dos seus fillos: Telmo e Jesús, tamén detidos.

Amancio Caamaño Cimadevila

Masón e deputado en 1933 pola ORGA de Casares Quiroga, tras a súa desaparición integrouse en Izquierda Republicana chegando a converterse nun dos seus maiores dirixentes na provincia. Mais en xaneiro de 1936 abandonou o partido de Azaña pola súa integración na Fronte Popular. Cirurxián de profesión, estaba casado con Matilde Caamaño Pato e tiña tres fillos: Matulas, Milocha e Amancio. Estivo no Goberno Civil acompañando a Acosta Pan e a súa esposa, amiga persoal de Matilde. Foi fusilado con 42 anos.

Víctor Casas Rey

Pertencía ao Partido Galeguista. Sen ser membro do Comité de Defensa da República, pasa a noite do 18 no Goberno Civil á expectativa dos acontecementos e o día 20 é o encargado de intervir os teléfonos por orde verbal do Gobernador Civil. Xornalista de profesión, foi director de *A Nosa Terra*, que se imprimía na imprenta "La Popular" que outro dos fusilados, Ramiro Paz, tiña na rúa Charino. Foi fusilado con 36 anos. Estaba casado e tivera cinco fillos pero tres morreran. Cando o fusilaron a súa filla Victoria tiña case cinco anos e o pequeno Víctor apenas dez meses.

Paulo Novás Souto

Mestre, solteiro, nacera en Brasil en 1897. Era o primoxénito de cinco irmáns e o único varón. Secretario provincial de Izquierda Republicana e persoa moi próxima a Bibiano Fernández Osorio-Tafall, de quen emanaron as ordes ao Gobernador, formou parte do Comité de Defensa da República.

Ramiro Paz Carbajal

Tamén Paz estaba no Comité e cando Acosta Pan decide entregar o Goberno Civil enfróntase a el chamándolle traidor. De profesión era impresor. Estaba casado en segundas nupcias e tiña oito fillos, cinco da defunta da súa primeira muller, Pura Beloso, e tres da segunda, Lola Lois, que ademais estaba embarazada do noveno dos fillos de Ramiro, nacido en febreiro do 37, tres meses despois do seu fusilamento aos 45 anos. Fora presidente da agrupación socialista e concelleiro. En xullo do 36 exercía como delegado técnico administrativo no Gran Hospital de Pontevedra. Dirixiu os semanais *Acción Obreira*, *Nueva Aurora* e *La Hora*.

Luís Poza Pastrana



Sen ser membro do Comité de Defensa da República, -do que si forma parte José Adrio, esposo da súa irmá Aurora-, pasa a noite do 18 de xullo no Goberno Civil esperando acontecementos. Na noite do 19 ao 20 sae con Alexandre Bóveda para visitar como médico á filla deste, que está doente. O 20 de xullo axuda á resistencia escribindo a máquina unha serie de oficios. Ademais atendía ao teléfono e participou no reparto de armas as milicias. Militaba no Partido Galeguista. Estaba especializado en Xinecoloxía, tiña 27 anos e non casara.

Benigno Rey Pavón

Non militaba nin formou parte do Comité de Defensa da República pero participou no reparto de armas do Goberno Civil. Mestre de profesión e gran deportista, foi asasinado con 27 anos tras ser acusado no xuízo de participar en reunións clandestinas con elementos masónicos, espiritistas e políticos de extrema esquerda.

Juan Rico González

Nacera en Ferrol e era o Capitán da Garda de Asalto. Tiña 42 anos, estaba casado con Blanca Rodríguez Sáez e tiña tres fillos: Blanca, de quince anos, Juan, de 14 e Alfonso, que cumpriría cinco ao día seguinte de fusilarlle ao pai. Cando se produce o alzamento estaba en Vigo, de servizo. Incorporouse ao seu posto na tarde do 19 de xullo e púxose ao fronte dos gardas, ás ordes do seu xefe, o Gobernador Civil de Pontevedra. Logo de renderse este uniuse ao exército e mesmo participou na toma do Concello.

Entrevistas e bibliografía

Este texto foi redactado en base aos testemuños recollidos a familiares de fusilados o 12 de novembro así como á bibliografía existente sobre os feitos.

Testemuñas

— Aurora Adrio Poza, orfa de José Adrio e sobriña de Luís Poza.

— Gonzalo Adrio, irmán de José Adrio e sobriño de Germán Adrio.

— José Luís Adrio Poza, fillo póstumo de José Adrio e sobriño de Luís Poza.

— Marica Adrio, sobriña de José Adrio.

— Begoña Caamaño, neta de Amancio e Matilde Caamaño

— Víctor Casas Julián, orfo de Víctor Casas.

— Nieves Gamallo Adrio, neta de Germán Adrio e filla de Nieves Adrio e Manuel Gamallo

— Lita García, nora de Ramiro Paz

— José Gómez Novás, sobriño de Paulo Novás

— Fina Paz, orfa de Ramiro Paz

— Ramiro Paz, fillo póstumo de Ramiro Paz

— Jaime Quintanilla, bisneto de Juan Rico

— Rosario Quintanilla Rico, neta de Juan Rico.

— Julio Rey, sobriño de Benigno Rey Pavón.

Bibliografía e blogs

— *Inmolados Gallegos*, de Luís Lamela García. (Edicións do Castro)

— *Pontevedra nos anos do medo*, de Xosé Álvarez Castro. (Xerais)

— *Non des a esquecemento*, blog de Luís Bará.

— *Sin odio, sin rencor pero el recuerdo vivo*, de Gonzalo Adrio.(Edicións do Castro)

— *O que fixeron en Galicia* (A Nosa Terra).

— *Historias de vida*, de Anxo S. Porto Ucha. (Edicións Alén Miño)

— *Catro anos a bordo dunha illa*, de Evaristo Mosquera. (A Nosa Terra)

— *Ramiro Paz Carbajal, unha vida segada pola barbarie*, de Aurora Marco. (Editorial Toxosoutos)

— *Cartas de republicanos galegos condenados a morte*, de Xesús Alonso Montero. (Xerais)

— *Redondela, crónica dun tempo pasado,* de Gonzalo Amoedo e Roberto Gil. (Edicións do Castro)

O noso sincero agradecemento a todas as persoas entrevistadas e a Roxelio Pérez Poza, Xosé Álvarez Castro, Carmiña e José Ángel Fernández Arruti polas súas impescindíbeis achegas.

As fotos foron achegadas polas familias Quintanilla Rico, Adrio, Poza, Gamallo Adrio, Paz, Bernárdez, Casas, Rey, Puga Otero e Arruti. Moitas grazas a todas por compartir con nós o legado da memoria.

CONCELLO DE
PONTEVEDRA

a memoria das mulleres